

Uns cociñeiros



especiais



Crea unha granxa virtual e coida dela

Nunha granxa hai moito traballo que realizar. Algunhas tarefas teñen que ver coa cría do gando e outras co coidado das plantas. Ademais, non todas se realizan todos os días...



Por iso, coidar dunha granxa e organizar o traballo pode resultar complicado.

Inventa a túa granxa e comproba se es capaz de coidar dela.

1. Comeza por decidir como será a túa granxa. Podes marcar todas as opcións que queiras.

☑ Nalgunhas granxas só se **crían animais** e noutras tamén hai pequenas **hortas**.

Se tes unha horta, podes obter máis produtos da túa granxa, pero terás máis traballo.

Pénsao ben!

Quero ter unha horta.

Quero ter animais.

☑ Elixe o que queres **plantar**.

só froita

só verduras froitas e verduras

☑ Elixe os animais que vas **criar**.

- | | | |
|-----------------------------------|---------------------------------|-------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> parrulos | <input type="checkbox"/> cabras | <input type="checkbox"/> galiñas |
| <input type="checkbox"/> lobos | <input type="checkbox"/> porcos | <input type="checkbox"/> tartarugas |
| <input type="checkbox"/> cabalos | <input type="checkbox"/> gansos | <input type="checkbox"/> ovellas |
| <input type="checkbox"/> coellos | <input type="checkbox"/> vacas | <input type="checkbox"/> gatos |



☑ Elixe **as instalacións** que necesitas na túa granxa. Ten en conta a opción que marcaches anteriormente.



- | | | | |
|------------------------------------|-----------------------------------|---------------------------------------|------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> galiñeiro | <input type="checkbox"/> corte | <input type="checkbox"/> porqueira | <input type="checkbox"/> forno |
| <input type="checkbox"/> cortello | <input type="checkbox"/> curro | <input type="checkbox"/> niño | <input type="checkbox"/> coelleira |
| <input type="checkbox"/> tobeira | <input type="checkbox"/> estanque | <input type="checkbox"/> invernadoiro | <input type="checkbox"/> cova |

2. Segundo os animais, os cultivos e as instalacións que elixiches, terás que realizar traballos distintos. Marca. (Ten en conta a opción que marcaches na primeira actividade).

🎯 **Tarefas** que hai que facer ***todos os días***.

- | | |
|--|--|
| <input type="checkbox"/> Dar de comer aos animais. | <input type="checkbox"/> Recoller os ovos. |
| <input type="checkbox"/> Conducir un tractor. | <input type="checkbox"/> Facer pan. |
| <input type="checkbox"/> Recoller a colleita. | <input type="checkbox"/> Sementar. |
| <input type="checkbox"/> Muxir o gando. | <input type="checkbox"/> Limpar as instalacións dos animais. |



🎯 Tarefas que hai que facer ***unha vez á semana***.

- | | | |
|---|--|---|
| <input type="checkbox"/> Comprar penso para os animais. | <input type="checkbox"/> Regar as plantas. | <input type="checkbox"/> Cepillar os cabalos. |
| <input type="checkbox"/> Recoller mel. | <input type="checkbox"/> Vender os ovos. | <input type="checkbox"/> Vender os froitos. |

🎯 Tarefas que hai que facer ***unha vez ao ano***.

- | | | | |
|---|---|---|--|
| <input type="checkbox"/> Sementar. | <input type="checkbox"/> Ir á feira de gando. | <input type="checkbox"/> Recoller a colleita. | <input type="checkbox"/> Podar as árbores. |
| <input type="checkbox"/> Tosquiar as ovellas. | <input type="checkbox"/> Muxir as vacas. | <input type="checkbox"/> Mercar semente. | <input type="checkbox"/> Fumigar as plantas. |

🎯 Tarefas que hai que facer ***só de cando en vez***.

- | | | |
|--|---|---|
| <input type="checkbox"/> Avisar urxentemente ao veterinario. | <input type="checkbox"/> Facer marmelada. | <input type="checkbox"/> Reparar o tractor. |
| <input type="checkbox"/> Limpar o estanque. | <input type="checkbox"/> Comer un xeado. | <input type="checkbox"/> Ampliar o galiñeiro. |

3. Por último, escribe unha carta a un amigo explicándolle como é a túa granxa e que traballos realiza nela para mantela coidada.

